

TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

AUTISMO GALIZA

MAREMAGNUM
 AUTISMO GALIZA
Nº 5. Ano 2000/2001
Número Ordinario

Director

Cipriano Luis Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Azucena Vázquez

Gravado portada

Aurichu Pereira

Edita

AUTISMO GALIZA

Apdo. Correos 2.041

Tfno. 34 986 423433 - 34 986 484074

Fax 34 986 483406 - 34 986 484228

E-mail: menela@retemail.es

funmenela@nexo.es

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo

Sumario

7

Editorial

TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

9

Jose Antonio García Villar, *Presidente de Autismo España e Vicepresidente de Autismo Galiza*

11

PARA UNHA NOVA VISIÓN DO AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas, *Psiquiatra e Psicanalista. Vigo*

19

XENÉTICA E TRASTORNO AUTISTA: CUESTIÓNS ACTUAIS

Ángel Díez Cuervo, *Neurólogo e Psiquiatra. Madrid*

43

O MELLOR DOS MUNDOS POSIBLES: A CONSTRUCCIÓN DUN CURRÍCULUM ECLÉCTICO PARA AS PERSOAS QUE PADECEN TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Rita Jordan, *Profesora da Universidade de Birmingham. Reino Unido*

59

METODOLOXÍAS DE DIAGNÓSTICO, AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN

Teresa Muela Brouard / Inmaculada Barrenetxea Etxebarría, *Instituto Foral de Asistencia Social de Biscaia. Euskadi*

73

OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN PARA FAMILIAS

M^a Lucía Díaz Carcelen, *Licenciada en Pedagogía. Murcia*

87

PROGRAMAS DE ACTIVIDADES FÍSICAS PARA ADULTOS CON AUTISMO
SEVERAMENTE AFECTADOS

Francesc Cuxart / Jordi Cervera / Rosa María Solá / German Piqué
Autismo La Garriga. Barcelona

93

“EU ASÍ ENTENDOO MELLOR”

Berta Meijide Rico / Ana Rodríguez Díaz / Xoan Carlos González Campos /
Lourdes Martín Lorenzo / Amparo Maquieira Prieto / M^a Antonia Paz Jiménez
Susana Rodríguez Blanco / Amanda Lago Cabaleiro
C.E.E. Menela. Vigo

109

AUTISMO - TRABALLO - MATERNAXE

Francesc Pèlach i Busom, *Licenciado en Pedagogía Terapéutica. Girona*

123

CALIDADE DE VIDA E REHABILITACIÓN SOCIOLABORAL EN PERSOAS
CON AUTISMO

Domingo García Villamisar, *Profesor de Psicopatoloxía. Madrid*
Carmen Muela Morente, *Directora Pedagógica. Madrid*

135

A INCORPORACIÓN AO TRABALLO DE PERSOAS CON AUTISMO A
TRAVÉS DAS EXPERIENCIAS EUROPEAS

Fernando Tellado González, *Profesor de Psicología Evolutiva e Comunicación. Ourense*
Beatriz Esteban Aguirre, *Licenciada en Psicología. Pontevedra*

151

UNHA SOCIEDADE PARA TODOS —CONTRA A EXCLUSIÓN
DAS PERSOAS CON AUTISMO E DOS ANCIÁNS

Isabel Cottinelli Telmo, *Profesora en Ciencias da Educación. Lisboa*

165

DESGASTE PROFESIONAL EN TRABALLADORES CON AUTISTAS

Manuel Castro Soto, *Licenciado en Psicología. Pontevedra*

181

¿E AGORA QUÉ? OUTRA VEZ A SÍNDROME D@ QUEIMAD@

Estrela Vázquez Allegue, *Licenciada en Psicología. Vigo*

189

AUTISMO: UNHA GUÍA MULTIMEDIA

Juan Antonio Sacaluga, *Periodista. Madrid*

METODOLOXÍAS DE DIAGNÓSTICO, AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN

Teresa Muela Brouard*

Licenciada en Psicoloxía

Inmaculada Barrenetxea Etxebarria*

Educadora de Diminuidos Psíquicos

Introducción

A través deste documento preténdese presenta-la metodoloxía de traballo que estamos a utilizar nos centros de minusválidos do IFAS, co obxectivo de lles ofrecer a aquelas persoas que precisen dos nosos servizos un lugar onde vivir dignamente e onde as súas necesidades sexan atendidas dunha forma integral, co fin último de mellora-la súa calidade de vida.

O Instituto Foral de Asistencia Social de Biscaia é un organismo autónomo da Deputación Foral que xestiona centros e servizos sociais para persoas en situación de desprotección social.

Conta cos seguintes servizos de carácter técnico-asistencial:

- Servizo social para as persoas maiores.
- Servizo social para a infancia, xuventude, muller e familia.
- Servizo social para persoas con minusvalía e grupos de atención especial.

Dentro deste último servizo aténdense a aquelas persoas con minusvalidez ou afectadas polo VIH cunhas circunstancias persoais, familiares e sociais que aconsellan vivir nun centro residencial.

O servizo xestiona seis centros, un dos cales está destinado a persoas novas ou

* As autoras son Directora e Educadora da Residencia Madarias, pertencente ao Instituto Foral de Asistencia Social de Biscaia.

adultas con diagnóstico de autismo ou psicose infantil. Trátase da residencia Madarias, situada nun ámbito rural no municipio de Erandio, a 10 kilómetros de Bilbao. Madarias ten capacidade para 15 persoas, as cales conviven diariamente desenvolvendo programas de autonomía, potenciación de características persoais e aprendizaxe de tarefas da vida cotiá. A residencia fomenta a participación en actividades de ocio e tempo libre. Así mesmo, conta cun centro de actividades de día ó que acoden tódalas persoas residentes e onde se lles proporciona unha ocupación que trata de capacitalos na realización de tarefas que os acheguen a un medio laboral máis normalizado.

A acción dos centros do IFAS parte dunha concepción da minusvalía na que esta resulta da interacción entre a persoa e o ambiente no que vive. Tratamos, polo tanto, de deixar a un lado as patoloxías e limitacións e tentamos achegarnos a unha visión transformada do que constitúen as posibilidades de vida das persoas con minusvalías. Esta visión supón incidir na autonomía, a integración, a igualdade, e nas capacidades.

Os apoios que tratamos de ofrecer baséanse na prestación de servicios para as persoas con minusvalidez e céntranse na vida e o emprego con apoio e na atención integradora.

Dende este punto xorde a necesidade nos nosos centros de manexar instrumentos que nos axuden a detecta-las capacidades dos nosos usuarios/as e as súas necesidades de apoio, así como de avalialas ó longo do tempo para non permiti-la súa deterioración, e mantelas ou melloralas proporcionándolles unha maior autonomía.

Esta é a tarefa na que, dende hai algún tempo, levamos traballando unha morea de profesionais dos centros de minusválidos do IFAS, e da que xurdiu unha metodoloxía de traballo que bautizamos coa sigla IDECA (Instrumento de Diagnóstico e Avaliación das Capacidades Adaptativas).

Pretendemos que nun futuro este instrumento sexa eficaz e nos sirva como guía nesa difícil tarefa de lle achegar ó usuario/a os apoios que necesite para cubri-las súas necesidades e mellora-la súa calidade de vida.

1. Proxecto de Inventario de Destrezas Adaptativas

Fundamentación

A necesidade de contar cun inventario que nos permita avalia-las destrezas adaptativas dos usuarios/as ós que van destinados os nosos servicios parte dun dos *PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN* que se marcan dentro do *PLAN ESTRATÉXICO* que guía o noso traballo:

“Respectar e preservar e/ou mellora-la autonomía e o grao de funcionalidade do/a usuario/a tanto no ámbito social coma no persoal”.

Así mesmo, dentro do programa de ingreso e adaptación recóllese a necesidade de “Realizar un diagnóstico integral das capacidades e necesidades do/a usuario/a para poder establece-lo seu Programa de Atención Integral e Personalizada (PAIP)”.

Obxectivos do programa

Coñece-la capacidade adaptativa do/a usuario/a, co fin de lle presta-la asistencia que requira.

Descrición do proxecto:

O proxecto de inventario de destrezas adaptativas pretende elaborar un instrumento válido e fiable que permita inventaria-las distintas destrezas que posúen os/as usuarios/as dos centros de minusválidos do IFAS co fin de lles poder proporcionar unha atención personalizada e integral a través dos diferentes programas e proxectos de intervención.

Recursos humanos

Dadas as características do proxecto parecíanos que as persoas que máis podían achegar á hora de intentar inventaria-lo total de habilidades adaptativas que pode ter unha persoa, era o conxunto de profesionais de atención directa que traballa nos nosos centros.

Tanto os *educadores de diminuídos psíquicos* como os *auxiliares de clínica* enfróntanse día a día coa difícil tarefa de intentar descubrir qué é o que os usuarios/as son capaces de realizar sós e cales son os apoios que necesitan para mellora-las súas capacidades e seren máis autónomos.

O instrumento que se crease debería se-la base que lles servise para logo elaborar cada un dos proxectos concretos de intervención, e por suposto eles ían se-los que máis o ían utilizar.

Estamos convencidos de que algo elaborado por nós mesmos e adaptado ós fins que pretendemos sempre é mellor aceptado que algo imposto. Por iso confiamos na profesionalidade e a experiencia dos traballadores de atención directa dos nosos centros e para constituí-lo groso do equipo de traballo contamos cun educador representante de cada un dos 5 centros de minusválidos do IFAS.

A figura do/a traballador/a social dentro do proxecto parecíanos igualmente esencial polo papel tan importante que xoga dentro de todo o programa de ingreso e adaptación do/a usuario/a, e o seu labor de intermediario/a nas relacións entre familia-ámbito e centro residencial.

No equipo de traballo participaron:

- 2 directores de residencias.
- 5 educadores de diminuídos psíquicos (un de cada centro).
- 1 traballadora social do servizo de minusválidos e G.A.E.

Coordinación

O labor de coordina-lo desenvolvemento do proxecto recae nunha persoa como responsable para dirixi-lo traballo, pero o verdadeiramente importante é conseguir transmiti-la información do desenvolvemento do proxecto dende o primeiro momen-

to cara a aquelas persoas que van utilizar en maior medida o devandito instrumento facéndoos partícipes do traballo e recollendo as súas achegas. Este é un dos labores que, en maior medida, realizaron cada un dos educadores dos centros.

Método de traballo

Realizáronse *9 sesións* de traballo durante *3 meses* cunha duración aproximada de *7 horas*, e co traballo persoal de cada un dos membros do equipo entre sesións.

Ademais dos soportes documentais que utilizamos como base para o noso traballo fóronnos de grande utilidade as consultas e o intercambio de opinións realizados con *profesionais externos* á institución, así como as *visitas a outros centros* de características parecidas ós nosos.

As *reunións mensuais* que se realizan en cada centro e nas que participan tódolos seus profesionais utilizaráronse para transmitir información periódica do desenvolvemento do proxecto.

E logo de finalizado o traballo impartíronse *cursos de formación* nos centros destinados a lle amosa-la utilización do instrumento a todo o persoal de atención directa.

Poboación destinataria

O inventario de destrezas adaptativas que se creou vai destinado a ser un instrumento aplicado a tódolos/as usuarios/as dos centros de minusválidos do IFAS de Biscaia. Neste momento son *120 usuarios*:

- Residencia Zumelegi - 38
- Residencia Lusa - 34
- Residencia Udaloste - 19
- Residencia Madarias - 15
- Residencia Loiu - 9

Soportes documentais

- INVENTARIO DE DESTREZAS ADAPTATIVAS – (CAL-S)
Versión experimental, adaptada por Delfín Montero
- ESCALA DE AVALIACIÓN DA CAPACIDADE ADAPTATIVA - (EVA-CALD). Traducción e Adaptación de GAUTENA
- LISTADO DE HABILIDADES DE AUTO-AXUDA PERSOAL E SOCIAL
De Dorothy Jefree
- WEST VIRGINIA –(WV-VAM) Universidade Autónoma de Madrid
- GUÍA PORTAGE DE EDUCACIÓN PREESCOLAR
S. Bluma, M. Shearere, A. Frohman e J. Hiliard
- ADAPTATIVE LIVING SKILLS CURRÍCULO (ALSC)
R.H. Bruininiks, L.E-N. Morgan, Gilman e Anderson

- INVENTARIO PARA A PLANIFICACIÓN DE SERVICIOS E PROGRAMACION INDIVIDUAL –(ICAP)
R. H. Bruininiks, B.K. Hill, R.W. Woodcock e R. F. Weat herman.
- ATRASO MENTAL, DEFINICION, CLASIFICACION E SISTEMAS DE APOIO. American Association on Mental Retardation. Alianza Psicología.

2. Un Inventario “Novo”

Os distintos inventarios que utilizamos como base e soporte documental achegáronnos ideas fundamentais á hora de confecciona-lo noso. Pero había unha serie de razóns que nos animaron a crea-lo noso propio instrumento de traballo:

1. Os 5 centros de minusválidos que ten na actualidade o IFAS ofrécenlle-los seus servicios ós/ás usuarios/as cunha gran *diversidade de niveis de autonomía*, e queriamos que o instrumento utilizado fose o mesmo para tódolos centros.
2. Pretendiamos que fose fundamentalmente un *instrumento operativo e práctico* que puidese ser utilizado polos profesionais de cada centro á hora de confecciona-los proxectos individualizados de traballo.
3. Queriamos que recollese dunha forma global *tódalas áreas de habilidades adaptativas*.
4. E por último, buscabamos un instrumento *elaborado e recoñecido polos profesionais* que logo van ter que aplicar e utilizar no seu traballo de atención directa.

3. Instrumento de Diagnóstico e Avaliación das Capacidades Adaptativas (IDECA)

Pretendíamo-lo que o novo instrumento creado se utilizase, nun primeiro momento, para detecta-lo conxunto de capacidades que os usuarios/as posúen, e posteriormente para avalialas periodicamente co fin de mantelas ou melloralas prestándolle-lo apoio necesario. É por iso que no seu propio nome se atopa definido o seu obxectivo principal.

Punto de partida

Partimos como base da definición de *ATRASO MENTAL* dada pola American Association on Mental Retardation (AAMR). En 1992.

O atraso mental fai referencia a limitacións substanciais no desenvolvemento corrente. Caracterízase por un funcionamento intelectual significativamente inferior á media, que ten lugar xunto a limitacións asociadas en dúas ou máis *das seguintes áreas de habilidades adaptativas* posibles: *comunicación, coidado persoal, vida no fogar, habilidades sociais, utilización na comunidade, autogoberno, saúde e seguridade, habilidades académicas funcionais, ocio e traballo*. *O atraso mental maniféstase antes dos dezoito anos*.

Características:

10 ÁREAS DE HABILIDADES, 34 SUBÁREAS E 437 ÍTEMS

ÁREAS	SUBÁREAS
COMUNICACIÓN	Linguaxe receptiva Linguaxe expresiva
COIDADADO PERSOAL	Aseo e hixiene Uso do retrete Vestido e uso de roupa Hábitos na mesa
HABILIDADES VIDA NO FOGAR	Cociñar Poñer e recolle-la mesa Facer e desface-la cama Limpa-la vaixela Limpeza do fogar Mantemento do fogar Seguridade no fogar Coidado da roupa Compras
HABILIDADES SOCIAIS	Coñecemento interpersonal Urbanidade Amizades Sexualidade
UTILIZACIÓN DA COMUNIDADE	Economía persoal Orientación comunitaria Transportes Teléfono e servizos públicos
AUTOGOBERNO	Responsabilidade Colaboración
SAÚDE E SEGURIDADE	Saúde Seguridade Seguridade na comunidade
HABILIDADES ACADÉMICAS	Aspectos cognitivos Aspectos sensoriais e motores
OCIO	Ocio individual Ocio de grupo
TRABALLO	Destrezas prelaborais Destrezas laborais

Contido das Áreas

Comunicación

Inclúe habilidades como a capacidade de comprender e expresar información a través de conductas simbólicas (palabra falada, palabra escrita, símbolos gráficos, linguaxe de signos) ou conductas non simbólicas (expresión facial, movemento corporal, tocar, xestos).

Coidado persoal

Habilidades relacionadas co aseo, comida, vestido, hixiene e aparencia persoal.

Habilidades de vida no fogar

Relacionadas co funcionamento dentro do fogar e inclúen tarefas como os coidados da roupa, a preparación e cociñado da comida, a planificación e o presuposto da compra, a seguridade no fogar, as tarefas domésticas de limpeza e mantemento, etc.

Habilidades sociais

Relacionadas con intercambios sociais con outras persoas incluíndo iniciar, manter e finalizar unha interacción con outros.

Utilización da comunidade

Habilidades relacionadas coa utilización adecuada dos recursos da comunidade que inclúen o transporte, tendas, servicios públicos, acontecementos culturais, normas de urbanidade, etc.

Autorregulación

Habilidades relacionadas con elixir, aprender a seguir un horario, iniciar e rematar tarefas axeitadas, resolver problemas, demostrar asertividade, etc.

Saúde e seguridade

Habilidades relacionadas co mantemento da saúde dun en termos de comer, recoñecer cando se está enfermo, primeiros auxilios, sexualidade, revisións médicas, etc.

Habilidades académicas funcionais

Habilidades cognitivas e relacionadas con aprendizaxes escolares que teñen unha aplicación directa na vida persoal: escritura, lectura, conceptos matemáticos básicos, reloxo, calendario, orientación espacio-temporal, etc.

Ocio

Fai referencia ó desenvolvemento de intereses variados de ocio e recreativos (entretenemento individual e con outros) que reflicten as preferencias e eleccións persoais e, se a actividade se realiza en público, a adaptación ás normas relacionadas coa idade e a cultura.

Traballo

Habilidades relacionadas con ter un traballo ou traballos a tempo completo ou parcial na comunidade, no sentido de amosar habilidades laborais específicas, conducta social apropiada, e habilidades relacionadas co traballo.

Formulación dos Ítems

Á hora de formula-los ítems tivéronse en conta as seguintes características:

- Escalas de graduación de menor a maior complexidade.
- Formulación clara e descritiva mediante palabras e conceptos cotiáns que describan situacións.
- Referirse a termos de execución habitual: utilización de verbos que impliquen unha acción (fai, pon, limpa, utiliza, selecciona...) coa posibilidade de utilizarlo ítem como situación de proba.
- Secuenciación que permita avaliar logros ou avances pequenos establecendo pasos intermedios.
- Abranguer unha gran variedade de niveis.
- Adapta-los ítems á nosa realidade cultural e lingüística (ámbito territorial de Biscaia) e a factores de comportamento relativos ós centros de minusválidos do IFAS.
- Incluír tódolos ítems contemplados no ICAP.

Formato do Instrumento

O I.D.E.C.A. consta de:

Un Caderno de Ítems separados por áreas e con instrucións para cubri-lo.

Unha Folla de Respostas na que se atopan representados por tódolos ítems cun código numérico e débese marcar cun X entre as seguintes opcións:

- SE: cando aínda que non o saiba facer á perfección a súa execución resulte funcional e a realice de forma habitual. En ítems que permiten crear unha situación de test ou proba, considerarase SE, se o executa 8 veces de forma funcional de cada 10 ensaios.
- AXUDA: cando necesite dalgún tipo de apoio puntual para executa-lo ítem. Marcarase cun “V” se o apoio é verbal, e cun “F” se o apoio é físico.
- NON: cando a necesidade de apoio físico sexa constante ou o suxeito non colabore, ou cando a súa execución non sexa de forma habitual, é dicir, non chegue a realizalo 8 veces de cada 10.
- IGNÓROO: cando se descoñeza a capacidade de execución da habilidade por parte do suxeito. Antes de supoñer se o suxeito é capaz ou non de realizar unha acción, é preferible sinalar esta opción. Iso fainos recordar que hai unha capacidade que cómpre descubrir o antes posible.

- **NON SE LLE DEIXA OU NON HAI ONDE FACELO:** cando aínda tendo a capacidade para realizalo, por aspectos organizativos dos diferentes centros, ou por seguridade da persoa, estas actividades son realizadas polos profesionais do centro.

Exemplo:

Comunicación

Linguaxe receptiva

	SE	AX	NON	IG	ND
1.1.1.	X				
1.1.2.	X				
1.1.3.	X				
1.1.4.		V			
1.1.5.			X		

Unha Representación Gráfica resumida das respostas, na que se colorearán só as casas correspondentes ós ítems que fosen marcados cun SI. Esta representación daranos unha imaxe global do nivel de autonomía que ten o suxeito e ó pasalo a transparencia permitiranos superpoñer-las distintas avaliacións que se fagan ó longo dos anos para comproba-los posibles avances.

4. Estudio de Fiabilidade do Ideca

Este estudio realizouse co fin de proba-la adecuación do instrumento deseñado ás características dos usuarios e usuarias dos centros residenciais do Servicio de Minusválidos do IFAS.

4.1. Método

Participantes

No estudio participaron un total de 84 usuarios/as de centros residenciais para minusválidos do IFAS (3 do centro Loiu, 9 da residencia Lusa, 15 da residencia de Madarias, 18 da residencia de Udaloste, e 39 da residencia Zumelegi). Do total da mostra, 47 foron varóns e 37 mulleres. A idade media dos participantes foi de 38.47 anos (DT =11.09).

Unha submostra obtida aleatoriamente a partir da anterior de 29 participantes (19 varóns e 10 mulleres) foi empregada para a avaliación do acordo entre xuíces.

Variables e Instrumentación

As capacidades adaptativas foron avaliadas mediante o IDECA. Como se describiu anteriormente, este instrumento avalía dez áreas diferentes: comunicación, coitado persoal, habilidades de vida no fogar, habilidades sociais, utilización da comunidade, autorregulación, saúde e seguridade, habilidades académicas, ocio e traballo.

Procedemento

As avaliacións mediante o IDECA foron realizadas por educadores previamente formados e adestrados na súa aplicación. Por termo medio a aplicación do IDECA veu durar unha hora.

29 participantes foron avaliados por dous equipos diferentes e independentes no mesmo intervalo de tempo co fin de estima-lo grao de acordo entre os xuíces.

4.2. Resultados Intercorrelación entre as Subescalas

Na seguinte táboa preséntanse os coeficientes de correlación entre as dez subescalas do IDECA.

Destaca a alta correlación entre as subescalas, e tódolos coeficientes son estatisticamente significativos ($p < 0.01$).

Táboa: Correlacións entre as subescalas do IDECA

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1.	1									
2.	.84	1								
3.	.70	.77	1							
4.	.87	.82	.73	1						
5.	.68	.66	.84	.73	1					
6.	.71	.73	.71	.82	.65	1				
7.	.68	.68	.74	.79	.81	.69	1			
8.	.79	.81	.82	.78	.80	.65	.74	1		
9.	.77	.75	.80	.80	.79	.77	.72	.76	1	
10.	.80	.84	.90	.87	.85	.80	.81	.89	.76	1

(1 = comunicación, 2= coidado persoal, 3= habilidades de vida no fogar, 4= habilidades sociais, 5= utilización da comunidade, 6= autorregulación, 7= saúde e seguridade, 8= habilidades académicas, 9= ocio e 10 = traballo)

Consistencia Interna das Escalas do Ideca

Estimáronse mediante o programa SPSS os coeficientes alpha de Cronbach para as diversas subescalas do IDECA a partir da mostra total de 84 participantes. No Anexo I recóllense a maioría dos coeficientes estimados. Tal e como se pode apreciar estes son adecuados en case tódolos apartados, e obtivéronse valores superiores a 0.90 en boa parte dos casos.

Acordo entre Avaliadores





Para avalia-lo grao de acordo entre xuíces na aplicación do IDECA correlacionáronse os resultados das avaliacións realizadas polos dous equipos. Na táboa seguinte preséntanse os coeficientes obtidos para cada subescala.







Táboa: Acordo entre avaliadores

SUBESCALA	CORRELACIÓN ENTRE AVALIADORES
Comunicación	0.93
Coidado persoal	0.96
Habilidades de vida no fogar	0.88
Habilidades sociais	0.88
Utilización da comunidade	0.86
Autorregulación	0.81
Saúde e seguridade	0.84
Habilidades académicas	0.97
Ocio	0.94
Traballo	0.95

Diferencias en Capacidades Adaptativas entre Centros:

Finalmente estudiáronse mediante o IDECA as diferencias entre os usuarios e usuarias dos diversos centros de minusválidos do IFAS. O IDECA permitiu encontrar importantes diferencias significativas nas súas diversas subescalas (Trace de Pillai = 2,17, $p < 0001$), tal e como se pode apreciar nas seguintes figuras.





Anexo 1: COEFICIENTES ALPHA DE CRONBACH PARA AS SUBESCALAS DO IDECA

COMUNICACIÓN

LINGUAXE RECEPTIVO	.75
LINGUAXE EXPRESIVO	.91

HABILIDADES DE VIDA NO FOGAR

COCIÑAR	.94
POÑER E RECOLLE-LA MESA	.91
FACER E DESFACE-LA CAMA	.95
LIMPA-LA VAIXELA	.94
LIMPEZA DO FOGAR	.95
TRABALLO DE MANTEMENTO DO FOGAR	.78
SEGURIDADE NO FOGAR	.75
COIDADADO DA ROUPA	.92
COMPRAS	.90

USO DA COMUNIDADE

ECONOMÍA PERSOAL	.95
ORIENTACIÓN COMUNITARIA	.92
TRANSPORTES	.96
USO DO TELÉFONO E SERVICIOS PÚBLICOS	.94

SAÚDE E SEGURIDADE

SAÚDE	.86
SEGURIDADE	.78
SEGURIDADE NA COMUNIDADE	.95

OCIO

OCIO INDIVIDUAL	
—Desenvolvemento de hábitos de tempo libre, escoller actividades	.76
—Actividades en solitario	.76
OCIO GRUPAL	.88

COIDADADO PERSOAL

ASEO E HIXIENE	
—Lavado e secado de mans	.90
—Lavado de dentes	.88
—Limpeza de nariz	.77
—Bañarse e/ou ducharse	.93
—Peitearse, coidado do cabelo	.83
—Coidado das uñas	.85
—Afeitado	.80
—Depilación	.66
—Menstruación	.84
USO DO RETRETO	.95
VESTIDO E USO DE ROUPA	.89
HÁBITOS NA MESA	.83

HABILIDADES SOCIAIS

COÑECEMENTO INTERPERSOAL	.88
URBANIDADE	.92
AMIZADES	.88
SEXUALIDADE	
—Coñecemento do corpo	.87
—Comportamento sexual	.94

AUTORREGULACIÓN

RESPONSABILIDADE	.83
COLABORACIÓN	.70

HABILIDADES ACADÉMICAS

ASPECTO COGNITIVO	
—Orientación espacial	.66
—Orientación temporal	.88
—Reloxo	.93
—Calendario	.93
—Lecto-escritura	.96
—Concepto de cantidade-n ^{os}	.90
ASPECTOS SENSORIO-MOTRICES	
—Respostas táctiles	.86
—Respostas auditivas	.76
—Respostas visuais	.87
—Motricidade grosa	.95
—Motricidade fina	.90

TRABALLO

DESTREZAS PRELABORAIS	
—Traballo	.93
—Actitude no traballo	.91
DESTREZAS LABORAIS	
—Condición e actitude diante do emprego	.93
—Relación cos empregados	.84
—Seguridade no traballo	.92
—Búsqueda de emprego	.96

Bibliografía

- ALFARO, P. E COL. (1998): *Habilidades de Interacción e Autonomía Social*. Gobierno de Navarra. Departamento de Educación e Cultura.
- AMERICAN ASSOCIATION ON MENTAL RETARDATION: *Atraso mental, definición, clasificación e sistemas de apoio*. Alianza Psicología.
- AMERICAN PSYCHIATRY ASSOCIATION (1995): *DSM-IV Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais*. Barcelona. Masson.
- CARRASCOSA, S. E COL. (1999): *A resposta educativa ós alumnos gravemente afectados no seu desenvolvemento*. Ministerio de Educación e Cultura. Centro de Investigacións e documentación educativa.
- GAUTENA (1986): EVALCAD. Escala de Avaliación da Capacidade Adaptativa. Adaptación do cuestionario de Whelan e Speake.
- KELLY, J.A. (1992): *Adestramento das habilidades sociais*. Bilbao. DDB.
- MONTERO, D. e MARTÍNEZ, S. (1994): *O ICAP, unha ferramenta na mellora da planificación e a intervención en servicios para persoas con discapacidade*. Siglo cero.
- VERDUGO, M. A. (1988): *Programas conductuais alternativos para a educación de deficientes mentais (PCA)*. Programa de Habilidades Sociais. (PAS). Madrid: Mepsa Ediciones.
- ZALDIVAR, F., RUBIO, V. e MÁRQUEZ, M. (1995): SEPP Sistema de avaliación para persoas plurideficientes. Madrid: CEPE.

MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

APACA

Asociación de Pais de Autistas e
Psicóticos da Comarca de Arousa

✉ Rúa Moreira, 29
36613 Vilagarcía de Arousa
☎ 986 501 548

APACAF

Asociación de Pais do Centro de
Apoio Familiar para Autistas e
Psicóticos “A Braña”

✉ Rúa Placer, 5-3º B
36202 Vigo
☎ 986 226 647

APA MECOS

✉ Baión
36614 Vilanova de Arousa
☎ 986 565 128
💻 986 565 944

A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con
autismo e outros T.X.D. da
Provincia da Coruña

✉ Castro de Elviña, s/n
15008 A Coruña
☎/💻 981 293 833

AUTISMO OURENSE

✉ Alférez Provisional, 2 entrechán
32003 Ourense
☎ 988 219 389
💻 988 218 003

AUTISMO VIGO

✉ García Barbón, 108-1º B
36201 Vigo
☎ 986 436 516
💻 986 228 528

B.A.T.A.

Asociación para o Tratamento do
Autismo

✉ Baión
36614 Vilanova de Arousa
☎ 986 565 128
💻 986 565 944

CASTRO NAVÁS

Centro Ocupacional-Residencial para
persoas adolescentes e adultas con
Autismo

✉ Navás, 11-Priegue
36391 Nigrán
☎/💻 34 986 365 558

FUNDACIÓN MENELA

✉ Avda. Marqués de Alcedo, 19
36203 Vigo
☎ 986 423 433
💻 986 484 228/483 406

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

✉ Castro de Elviña, s/n
15008 A Coruña
☎/💻 981 293 833

MENELA

Centro de Educación Especial para
nenos/as con Autismo

✉ Camiño da Veiguiña, 15-Alcabre
36212 Vigo
☎/💻 34 986 240 703

RAIOLAS - AUTISMO LUGO

Asociación de Pais e Persoas con
Trastornos Xeneralizados do
Desenvolvemento

✉ Rúa Río Sil, 40-1º B
Lugo
☎ 617 949 222

SOLICITUDE DE SUBSCRICIÓN

Si, desexo recibir a revista MAREMAGNUM, directamente no meu domicilio ó prezo de 2.000 pesetas exemplar, IVE incluído

Forma de pagamento: Domiciliación bancaria
 Xiro Postal
 Talón bancario

A nome de AUTISMO GALIZA
 Apdo. Correos 2.041
 36200 Vigo (Pontevedra)

Nome e apelidos

Enderezo

Código Postal Teléfono

DATOS PARA A DOMICILIACIÓN BANCARIA

Banco/Caixa.....

Axencia Nº

Poboación Provincia

Nome do titular

Prégolles carguen na miña conta/libreta nº
o pagamento dos recibos que lles presente anualmente MAREMAGNUM na
miña calidade de subscritor a dita publicación.

Sinatura

En, a de de



